



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES POETA AÑÓN (Outes)

XUÑO DE 2023



INDICE

1-Xustificación baseada no contexto.

2-Identificación e valoración das necesidades.

3-Obxectivos.

4-Actuacións, medidas e/ou programas para atención á diversidade

5-Criterios para a organización e distribución dos recursos.

6-Concreción das actuacións dos diferentes profesionais en relación ás medidas establecidas.

7-Coordinación interna e con outras etapas educativas.

8-Canles de colaboración coas familias e servizos externos.

9-Protocolos para solicitude e autorización das medidas extraordinarias.

10-Seguimento, avaliación e mellora do Plan.

-ANEXOS.



1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO	CURSO ACADÉMICO
15027976	IES Poeta Añón	Outes	2022/2023

A) CONTEXTO DO CENTRO:

LOCALIZACIÓN

O IES "*Poeta Añón*" está situado na rúa Poeta Añón, número 21 de Serra de Outes, concello de Outes, A Coruña. Comezou a funcionar no curso 1998-99 compartindo as instalacións co CEIP de A Serra de Outes. En xaneiro de 1999 trasládase ao actual edificio que foi inaugurado o 11 de marzo de 1999.

OFERTA EDUCATIVA

-Educación Secundaria Obrigatoria (ESO): 7 unidades

- o Dúas liñas de 1º a 3º ESO
- o Unha liña en 4º ESO

-Educación Persoas Adultas (EPA).

- o Educación Secundaria de adultos (ESA): Módulos III e IV:
1 unidade

PROGRAMAS, PLANS E PROXECTOS

O centro participa nos seguintes plans e programas:

- E-Dixgal.
- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- Clube de lectura.
- Proxecto Internacional de Climántica.
- Proxecto Econoia, en colaboración coa Cofradía de pescadores de Noia e a Consellería do Mar.



- Erasmus+ (e-InnoEdu CO2): Proxecto: Ciencia escola e-learnign ONE HEALTH. En colaboración co Concello de Outes:
 - o Carpinteria de Ribeira
 - o Mares do fin do mundo
- Plan Proxecta: Proxecto Terra e Proxecto Ríos
- Plan de reparto de froita, lácteos e castañas.
- Plan Director para a convivencia e a mellora de seguridade nos centros educativos.
- Programa Pegada dixital segura.
- Escola de Nais e Pais (ENAPA)

ALUMNADO, PROFESORADO E FAMILIAS

O centro ten actualmente unha matrícula aproximada de 154 alumnos entre ESO e EPA.

O alumnado de ESO provén do *CEIP Plurilingüe de Outes*. Cada curso é habitual que se incorpore algún alumno/a de países latinoamericanos (Brasil, Colombia...), doutras comunidades autónomas (Canarias...) e mesmo de outros concellos (Ames, Mazaricos...)

Na ESO convive alumnado con diversidade de capacidades, intereses e necesidades educativas. As ratios son axeitadas nos niveis de dúas liñas, o que facilita a atención á diversidade. O número de profesorado foise reducindo progresivamente na última década, o que dificulta a posta en marcha de medidas de atención á diversidade, ao non dispoñer de profesorado con horas dispoñibles.

O alumnado procede do medio rural e é maioritariamente galego-falante. A maioría do alumnado reside en pequenas entidades de poboación con poucos compañeiros de súa idade. A oferta cultural, deportiva e de ocio é principalmente a que oferta o Concello.

O alumnado de EPA é principalmente alumnado do centro que non remata a ESO por vía ordinaria ou adultos que estaban desescolarizados e volven ó sistema educativo.

O Claustro está formado por 23 profesores/as, sendo un porcentaxe elevado profesorado con destino definitivo no centro.

O Departamento de orientación está constituído pola mestra especialista de pedagogía terapéutica, un titor/a de ámbito socio-lingüístico, un titor/a de ámbito científico-tecnolóxico, a xefa do departamento de orientación do centro adscrito CEIP Plurilingüe de Outes e a xefa do departamento de orientación do IES.

Non existe Asociación de Pais e Nais (ANPA) e o nivel de participación das familias nas actividades do centro é baixa.

B) CONTEXTO LEGAL:

LEIS ORGÁNICAS

LOMLOE: Lei orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica de 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 30/12/2020)

LOMCE: Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade do Ensino. (BOE 10/12/2013)

LODE: Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito a Educación. (BOE 04-07-1985) (Artigos en vigor).

NORMATIVA XERAL

Decreto 156/2022, que establece a ordenación do currículo da ESO en Galicia.

Orde do 26 de maio de 2023 que desenvolve o Decreto 156/2022, que establece a ordenación do currículo na ESO en Galicia.



NORMATIVA ESPECÍFICA DE ORIENTACIÓN

Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia.

Orde 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional en Galicia.

Circular 10/2010 da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

NORMATIVA ESPECÍFICA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

LEI 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

PROTOCOLOS PUBLICADOS POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

- PROTOCOLO xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.



- PROTOCOLO para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- PROTOCOLO de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- PROTOCOLO de Atención educativa domiciliaria.
- PROTOCOLO de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- PROTOCOLO de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- PROTOCOLO para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- PROTOCOLO de protección de datos.
- PROTOCOLOS de derivación e seguimento psicopedagóxico para a Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil na provincia da Coruña (USM-IX).
- PROTOCOLO de Urgencias Sanitarias.
- PROTOCOLO de identidade de xénero.
- GUÍA DE ACTUAIÓN ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.
- PROTOCOLO de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- PROTOCOLO para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- PROTOCOLO para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- PROTOCOLO para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- PROCEDIMENTO de corrector de condutas.
- IDENTIDADE DIXITAL.
- ALUMNADO con discapacidade visual
- PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL. Proposta de intervención.



- RUMI Follas de notificación de risco e maltrato infantil desde o ámbito educativo.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.

A valoración das necesidades levarase a cabo da forma máis temperá posible, coa finalidade de proporcionar unha resposta educativa axeitada cos recursos dispoñibles.

Realizarase a través de:

- **Avaliación inicial:** ao inicio de cada curso escolar realizarase a avaliación inicial en todas as etapas conforme ao establecido no Proxecto Educativo e no Plan de acollida. Como resultado desta avaliación concretaranse as medidas de atención á diversidade (MAD) para todos aqueles alumnos con necesidades educativas identificadas.
- **Avaliacións trimestrais:** Nas xuntas de avaliación de cada trimestre analizarase o resultado das MAD levadas a cabo, e adecuaranse segundo a evolución dos alumnos que as reciben ou segundo sexan valorados novos alumnos con necesidades educativas.
- **Avaliación psicopedagóxica:** É un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, que terá como finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións. Será competencia do responsable da Xefatura do Departamento de Orientación decidir e realizar a avaliación, previa autorización dos pais ou tutores legais dos alumnos. Os seus resultados recolleranse nun informe psicopedagóxico que formará parte do expediente académico do alumno/a. Solicitarase a través do modelo establecido no anexo deste Plan. (Anexo 2)



- **Coordinación co centro adscrito de Educación Primaria:** No final e no comezo de cada curso escolar o Departamento de Orientación realizará, coa colaboración coa orientadora do centros adscrito, unha análise do alumnado con necesidades educativas, así como unha previsión de medidas de apoio necesarias, e trasladará a información relevante á Dirección do centro.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

PRINCIPIOS

A atención á diversidade, seguindo o Artigo 4º do Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade na C.A. de Galicia:

- Rexerase polos principios de *normalización e inclusión*; equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía de centro e participación de toda a comunidade educativa.
- Abrangue á *totalidade do alumnado*.
- Priorizaranse as *medidas de carácter ordinario e normalizador*. As medidas de carácter extraordinario levaranse a cabo esgotadas as anteriores.
- As *accións preventivas e a detección temperá* terán carácter prioritario.
- Será contemplada nas *decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión* do centro.

OBXECTIVOS

En base ao anterior, establécense os seguintes obxectivos en relación á atención á diversidade no Centro:

- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Valorar as necesidades educativas do alumnado.
- Programar e poñer en marcha medidas de atención á diversidade.
- Asesorar ó profesorado nos procesos de desenvolvemento das concrecións curriculares.
- Fomentar a participación do profesorado na elaboración e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Informar e orientar ás familias no proceso de ensinanza –aprendizaxe dos seus fillos/as, especialmente do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Asesorar ó equipo directivo sobre o contido do Proxecto Educativo (e os documentos que o integran) en relación ás medidas de atención á diversidade.

4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No marco do decreto **229/2011 polo que se regula a atención á diversidade e a Orde de 8 de setembro de 2021** que o desenvolve, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas especiais do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.

MEDIDAS ORDINARIAS	
QUE SON	MEDIDAS
Son aquelas medidas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus	1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da

obxectivos, contidos e criterios de avaliación.	organización e xestión das aulas ás características do alumnado.
COMO SE DECIDEN	
Non é necesaria autorización especial. Non é preceptivo ningún informe de orientación. Pode decidilas o Departamento Didáctico no correspondente deseño da programación didáctica, o profesorado individualmente no exercicio da adecuación da programación á aula ou alumno, o equipo docente, os titores, a dirección no exercicio da xestión do centro.	2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. 3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. 4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. 5. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. 6. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. 7. Programas de enriquecemento curricular. 8. Programas de recuperación de aprendizaxes non adquiridas. 9. Programas específicos e personalizados de alumnado que non promociona. 10. Programas de habilidades sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
QUE SON	MEDIDAS
As que están dirixidas a dar resposta ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos	1. Agrupación de material en ámbitos 2. Exención de segunda lingua estranxeira 3. Adaptacións Curriculares. 4. Agrupamentos flexibles. 5. Apoio específico do profesorado



<p>elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplícanse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.</p>	<p>especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.</p>
<p>COMO SE DECIDEN</p>	
<p>Será necesaria :</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autorización da dirección do centro, ou • Autorización do Servizo de Inspección Educativa, ou • Autorización da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda. • Se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación. 	<p>6. Programas de diversificación curricular (PDC)</p> <p>7. Medidas específicas para alumnado procedente do estranxeiro: Grupos de adquisición de linguas e Grupos de adaptación da competencia curricular.</p> <p>8. Flexibilización da duración do período de escolarización.</p> <p>9. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo ou alumnado en situacións extraordinarias:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Atención educativa hospitalaria e domiciliaria ○ Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal ○ Alumnado sometido a medidas de protección e tutela ○ Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar. ○ Alumnado pertencente a familias itinerantes ○ Atención educativa a mozas embarazadas

MEDIDAS ORDINARIAS



4.1 ADECUACIÓN DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO (HORARIOS, AGRUPAMENTOS, ESPAZOS) E DA ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA AULA ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:

A comisión de coordinación pedagóxica establecerá criterios para:

- Elaboración dos horarios do alumnado
- Asignación de titorías
- Agrupamento do alumnado
- Distribución das aulas, ou espazos.

Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios: normalización e inclusión, equidade, heteroxeneidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.

4.2. ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS Á CONTORNA E AO ALUMNADO.

No mes de setembro os xefes dos departamentos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente.

Tomando como marco de referencia o Proxecto Educativo do centro, os departamentos didácticos concretarán nas correspondentes programacións didácticas:

- Os obxectivos e contidos de cada materia.
- A súa secuencia e distribución por curso e os criterios de avaliación.
- Os principios metodolóxicos adoptados.



- Os criterios para a avaliación do alumnado, prevendo tempos, instrumentos e procedementos diferentes para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Os procedementos para a avaliación inicial.
- Programas de recuperación da materia pendente.
- Programas específicos

Cada profesor/a, dende a súa materia, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnos, tendo en conta o deseño universal de aprendizaxe.

4.3. AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA.

Trátase dunha medida de atención á diversidade que promove a mellora da convivencia no centro educativo.

As aulas de atención educativa e convivencia son aquelas nas que e atende, temporalmente, ao alumando que pola súa conduta inadecuada, impida o normal desenvolvemento do traballo dunha sesión lectiva do seu grupo-clase.

Derivaranse á aula de atención educativa con actividades e tarefas para realizar durante a súa permanencia nela, que non excederá o tempo que dure a sesión lectiva na se se producise a conducta inadecuada.

Correspóndelle ao profesorado que remita o alumnado a esta aula proporcionar ditas tarefas, corrixilas e avalialas.

A familia será informada, segundo o procedemento establecido no centro, indicando o motivo da remisión.

Xefatura de estudos levará un rexistro do alumando derivado, o profesorado que o deriva e os motivo. O profesorado de garda será quen o rexistre no documento dispoñible na sala de profesorado.

O alumnado derivado de forma reiterada deberá desenvolver o programa de habilidades de competencias sociais establecido neste Plan.

4.4. REFORZO EDUCATIVO E APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA.

As medidas de **reforzo educativo ordinario** son estratexias de carácter ordinario que poden afectar a todos os compoñentes do currículo excepto aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación da materia.

Este reforzo está dirixido a aqueles alumnos/as que non seguen o proceso ordinario de ensino - aprendizaxe pero que non se apartan dos obxectivos xerais mínimos do curso.

As **medidas de reforzo ordinario** serán elaboradas polo profesor/a que imparte a materia na que o alumno/a necesita o reforzo, co coñecemento do titor/a, quen deberá informa a xefatura de estudos e familia.

En determinados casos, o reforzo educativo o profesorado que imparta a materia pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horario, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

As medidas de reforzo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumno como **reforzo educativo (RE)**. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativo levados a cabo, segundo modelo do ANEXO 6 que será arquivado no expediente de secretaría.

4.5. PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR.

Dirixidos ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. Teñen como finalidade promover e desenvolver os distinto talento, dando resposta ás inquiredanzas, potencialidade e intereses que manifeste o devandito alumnado e manter o seu nivel de motivación.



Deberán desenvolverse na aula ordinaria. Terán como referente o currículo ordinario do curso. Son competencia e responsabilidade do profesorado da materia. Será o equipo docente quen o desenvolva, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumado.

4.6. PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMANDO DA ESO QUE PROMOCIONA CON MATERIAS SEN SUPERAR.

O alumnado promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.



- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

Seguirase o modelo do ANEXO 7.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

4.7. PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO DA ESO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.

- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Seguirase o modelo recollido no ANEXO 8.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento

4.8. PROGRAMA DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS.

Estarán dirixidos á totalidade do alumando, e levaranse a cabo a través de tódalas materias, como contido transversal e a través do Plan de Acción tutorial. Favorecerán a empatía, autoestima, a comprensión das demais persoais e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia.

Para o alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, así como o alumando que estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia o centro como consecuencia da imposición das medidas correctoras, o departamento de orientación elaborará un programa específico que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais. (ANEXO 9) Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento e orientación e o profesorado titor. Procurarán implicar ao resto do profesorado, familias e de ser o caso, servizos sociais.



MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

4.9. AGRUPACIÓN DE MATERIAS EN ÁMBITOS

Nos tres primeiros cursos da etapa, os centros, facendo uso da súa autonomía, poderán establecer agrupacións de materias en ámbitos, conforme os criterios establecidos nas súas concrecións curriculares.

Rexirase segundo o establecido no artigo 5 da Orde de 26 de maio de 2023, que desenvolve o Decreto 156/2022 de ordenación do currículo da ESO en Galicia.

4.10. EXENCIÓN DA SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA.

O alumnado dos dous primeiros cursos que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo nas aprendizaxes daqueles aspectos en que se detectasen as dificultades.

Esta medida será proposta, con carácter xeral, nun informe elaborado pola persoa titora no curso anterior coa colaboración do departamento de orientación ou, de ser o caso, na avaliación inicial.

A competencia da decisión de exención da materia de Segunda Lingua Estranxeira recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado afectado pola medida.

4.11. ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Son **medidas extraordinarias** de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van **dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais** e, excepcionalmente, ao restante



alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade. Considéranse elementos prescritivos do currículo aqueles que, como tales, recolla a normativa pola que se regula o currículo.

As adaptacións do currículo realizaranse na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria, sen prexuízo das adaptacións que se requiran para a flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado.

As adaptacións curriculares **suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.**

As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas características persoais e sociais. **Para a súa elaboración partírase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados,** para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, **a familia será informada desta medida** de atención á diversidade, do que quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

a) Realización da **avaliación psicopedagóxica** e posterior elaboración do **informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de**



orientación. Nese informe debe constar o **nivel de competencia curricular** da alumna ou do alumno, **achegado polo profesorado das áreas** ou das materias susceptibles de adaptación e **coordinado polo profesorado titor.** Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os **referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo** da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á que deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta **reunión** analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e **decidirase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar.** A xefa ou o xefe do departamento de orientación redactarán e custodiarán a **acta** desta reunión.

c) **Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro docente teña establecido** no seu Plan xeral de atención á diversidade. Igualmente, ese **profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais.** En todo ese proceso o profesorado contará co **asesoramento da xefatura do departamento de orientación.** No anexo II, a modo orientativo, achéganse modelos nos que concretar a adaptación das áreas ou as materias para as adaptacións curriculares.

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II desta orde, e xuntaráselle copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación curricular.



A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización, segundo o modelo que figura no anexo III desta orde. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo Servizo Territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se estimen necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase por parte do profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cós establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que están matriculados o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirilles a promoción ou titulación.

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións



curriculares. **Nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.**

A **duración das adaptacións** do currículo poderá ser dun ciclo ou **dun curso**, en función da etapa educativa en que estean escolarizados o alumno ou a alumna.

Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do Servizo Territorial de Inspección Educativa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e **logo da súa solicitude, unha copia** da adaptación curricular autorizada.

Anexos 10, 11, 12 e 13.

4.12. AGRUPAMENTOS FLEXIBLES.

Consisten en agrupamentos temporaris de alumando que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas materias, nas que precisa dunha atención máis individualizada. Poderán realizarse nas materias de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e matemáticas.

Teñen carácter reversible, xa que a súa finalidade é a incorporación do alumnado ao grupo ordinario. O alumnado poderá derivarse a máis dun grupo flexible sempre que non supere os 13 períodos lectivos da totalidade do horario semanal. O número máximo de alumnos será de dez.

A proposta de conformación do agrupamento flexible realizarase de acordo co procedemento indicado no *artigo 56.6 da Orde do 8 de setembro, que desenvolve o decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia.*



4.13. APOIO ESPECÍFICO DA PROFESORA ESPECIALISTA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE.

Trátase dun recurso dirixido á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais e alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A atención docente directa realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria a atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais. En ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada materia. Desenvolverase en pequeno grupo cun máximo de cinco alumnos/as de forma simultánea.

As funcións específicas do profesorado especialista de PT son as recollidas no *artigo 57.2 da Orde do 8 de setembro, que desenvolve o decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia.*

Os programas de intervención que desenvolven e a memoria deberán recoller, cando menos o establecido nos *artigos 57.5 e 57.6 da citada orde.*

CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS APOIOS DE PT

- A especialista de pedagogía terapéutica apoiará ao alumnado con adaptación curricular (AC)
- Priorizarase que o apoio se realice dentro da aula ordinaria.
- Maior número de horas para o alumnado con maior número de áreas adaptadas con AC.



- Na medida do posible, establécense as horas de apoio comezando polas materias das Linguas e Matemáticas. Logo distribúese o apoio noutras áreas.
- O alumnado de necesidades específicas de apoio educativo de 1º e 2º da ESO non sairá a apoio nas sesións de Reforzo Educativo (exención de francés)
- A especialista de PT realizará un control diario da axenda.
- Os exames do alumnado de neae serán realizados conxuntamente entre o profesor de área e a profesora de PT.
- Adaptarase a metodoloxía de traballo a cada alumno/a priorizando o dotar ó alumno/a de estratexias para o desenvolvemento do traballo autónomo.
- Os materiais a traballar nos apoios de PT seleccionaranos o profesorado de materia e a PT a inicio de curso e iranse axustando en función das necesidades do alumnado.

A elaboración dos horarios seguirá a seguinte temporalización:

- **Setembro:** elaboración de horarios provisionais polo departamento de orientación en función do establecido na memoria do curso anterior, das necesidades detectadas no inicio de curso e dos recursos persoais dispoñibles.
- **Outubro:** elaboración definitiva dos horarios de apoio en función do acordado na xunta de avaliación inicial.
- **Decembro e marzo:** revisión do alumnado destinatario dos apoios en función do acordado na xunta de avaliación do 1º e 2º trimestre. Non se modificará o horario do especialista de PT.

4.14. FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN.



Consiste en aumentar ou reducir, excepcionalmente, o tempo de permanencia na etapa respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado, respectivamente.

No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, o aumento da permanencia na etapa, se cursa a educación secundaria obrigatoria, farase fragmentando os cursos de 3º e 4º da etapa.

No caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por altas capacidades intelectuais a flexibilización da etapa consistirá na redución do tempo de permanencia na mesma. Só será aplicable no ensino básico e a redución será dun máximo de dous anos. Esta redución máxima non se poderá aplicar na mesma etapa educativa.

4.15. PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Os programas de diversificación curricular terán dous cursos de duración correspondentes ao terceiro e ao cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria.

O equipo docente poderá propoñer a incorporación a este programa do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Ademais, o alumnado deberá encontrarse nalgunha das seguintes situacións:

- Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.
- Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a cuarto. Para estes efectos, o alumnado que non poida repetir o terceiro curso poderá incorporarse ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.
- Excepcionalmente, o equipo docente

poderá propoñer a incorporación ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria o alumnado que teña que repetir o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

Os programas de diversificación curricular incluírán dous ámbitos específicos:

- a) O ámbito Científico-Tecnolóxico, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Bioloxía e Xeoloxía; Física e Química e Matemáticas.
- b) O ámbito Lingüístico e Social, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura; Lingua Estranxeira; Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia. Estes programas incluírán tamén o resto de materias do terceiro ou cuarto curso da educación secundaria obrigatoria establecidas nos artigos 9 e 10 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, que non formen parte dos ámbitos específicos e que o alumnado cursará, con carácter xeral, nun grupo ordinario. Para estes efectos, no cuarto curso, o alumnado só elixirá unha das materias de opción, e quedarán excluídas as materias de Bioloxía e Xeoloxía, e de Física e Química.

A carga horaria semanal en períodos lectivos dos ámbitos específicos que compoñen o programa de diversificación curricular será a suma da carga horaria das materias que conforman o ámbito, segundo se establece no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Os grupos que se conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco.

Cada grupo do programa de diversificación curricular terá unha persoa titora que desenvolverá, entre as súas funcións, a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co

profesorado titor do grupo de referencia de cada alumna e alumno integrante do programa.

O programa de diversificación curricular concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional en que os contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, dando prioridade ás aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos da etapa.

O alumnado do programa de diversificación curricular será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do dito programa. As cualificacións dos ámbitos realizaranse nos mesmos termos que as das materias.

4.16. ATENCIÓN EDUCATIVA AAO ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO. GRUPOS DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS E GRUPOS DE ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR.

Dirixida ao alumnado que proceda do estranxeiro e que, trala avaliación correspondente, reúna algunha das seguintes necesidades educativas:

- a) descoñecemento das linguas oficiais (galega, castelá)
- b) desfase curricular de 2 cursos ou máis con respecto ao que lle correspondería pola idade.

Realizarase a avaliación inicial que se leva a cabo con carácter xeral no momento da incorporación ao sistema educativo.

O departamento de orientación proporá as medidas específicas de reforzo ou apoio e realizará a avaliación psicopedagóxica en caso de que se detecte que o alumno/a presente necesidades educativas especiais.



Medidas de atención escolar:

1. DE TIPO CURRICULAR:

- Reforzo Educativo
- Flexibilización da idade: incorporación a un curso inferior ó establecido por idade se presenta un desfase curricular de máis de dous cursos.
- Adaptacións curriculares en caso de ser alumnado con necesidades educativas especiais.

2. DE TIPO ORGANIZATIVO:

- Grupos de adquisición de linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

Grupos de adquisición de linguas:

